

## INDICADORES DE DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO ANO DE VIDA (24-36 meses)

### Desenvolvemento psicomotor e autonomía persoal

<b>24-30 meses</b>
Salta cos dous pes
Lanza a pelota cas mans e cos pes
Quita os zapatos e pantalóns se están desabrochados
Utiliza culler e garfo, e bebe da taza sen tirar
Completa un taboleiro de encaixabres tres formas (círculo, cadrado e triángulo)
Coñece o orinal ou baño e utilízalos por indicación do adulto
<b>30-36 meses</b>
Realiza actividades de enroscar, encaixar e enebrar.
É capaz de correr e saltar con bastante control
Copia un círculo, e unha liña vertical ou horizontal
Come de forma independente todo tipo de alimentos
Identifica algúns conceptos espaciais (aquí, dentro, encima, debaixo, lonxe, de día, de noite)

### Desenvolvemento das relacións

<b>24-30 meses</b>
Móvese con soltura polos espazos habituais
Identifica algúns cambios na natureza correspondentes as diferentes estacións do ano (Chove, calor)
Recoñece en fotos as persoas máis cercanas
Xoga con dous ou tres nenos da súa idade
Diferenza en imaxes algúns destes termos: persoa, animal e planta
<b>30-36 meses</b>
Comeza a amosar preferencias persoais entre os compañeiros
Mostra afecto hacia nenos máis pequenos e animais domésticos
Vai coñecendo normas e hábitos de comportamento nos grupos dos que forma parte
Axuda a colocar
Comeza a identificar e distinguir sabores e olores (doce, salgado, bo ou mal olor)
Identifica lugares de visita frecuente dentro do seu entorno (o parque, o súper)

### Comunicación e linguaxe

<b>24-30 meses</b>
Fai frases do tipo sustantivo+verbo (papá ven)
Emprega o non de forma oral (e non solo co xesto)
Responde a preguntas : ¿Qué estas facendo? ¿ónde?
Coñece os conceptos grande e pequeno


Presta atención a música e contos durante máis tempo
Entona algunhas cancións e baila o seu ritmo
<b>30-36 meses</b>
Di se é un neno ou unha nena cando se lle pregunta
Emprega o xerundio, os plurais e os artigos
Articula correctamente os sons b, j, k, l, m, n, ñ, p, t
Comunicase con xestos ademais de ca linguaxe oral
Fala de sí mesmo/a usando o “eu”, “min”, “me”, en lugar do seu nome
Utiliza a linguaxe oral para contar o que fai, o que quere, o que lle pasa...

### Sinais de alarma

- Ao final do terceiro ano, non pide pis nin caca
- Non comprende ordes sinxelas
- Non identifica imaxes
- Permanece illado, non ten curiosidade por nada
- Utiliza so palabras soltas, non as combina
- Non imita trazos sinxelos (unha liña vertical ou horizontal)

Estes signos teñen carácter orientativo e para evitar falsas alarmas, e conveniente que se den alomenos dúas destas situacións, ou consultar especificamente co seu pediatra ou especialista.

Pode haber casos en que esté presente algún signo de alarma correspondente a etapa anterior, neste caso é recomendable consultar con un especialista.



## Desenrolo motor

-Para favorecer a motricidade grosa

- ✚ Tumbámosnos no chan e xogamos a dar voltas sobre nos mesmos
- ✚ Facemos unha ponte con obxectos apilables e pasamos por debaixo
- ✚ Facemos carreiras gateando ou imitando as posturas dos animais.
- ✚ Camiñamos por encima dunha liña marcada no chan.
- ✚ Imitamos exercicios coas pernas , fixándonos no adulto.
- ✚ Sentados , abrimos e pechamos as pernas
- ✚ Xogamos a correr sen obstáculos , perseguindo a alguén , correndo en círculos, chutar unha pelota, camiñar hacia atrás
- ✚ A independencia do ombro respecto o brazo danos moitas posibilidades, apoiados na parede, subimos e baixamos os brazos, o mesmo pero sen apoio.
- ✚ Imitamos posturas cos brazos, de mais sinxelas a mais complexas.

-Para favorecer a motricidade fina

- ✚ Ensartamos distintas pezas no seu lugar, facemos colares con bolas e un cordón, ou uns macarróns..
- ✚ Lanzamos pelotas, globos e balóns primeiro con unha man e logo coa outra.
- ✚ Untar obxectos de plástico con aceite de bebé ou con crema, de forma que sexa difícil collelos.
- ✚ Xogamos a amasar plastilina, sen darlle forma, unicamente manipulala e aplastala. Despois podemos aprender a facer churros
- ✚ Con papeis de revistas ou periódicos ensinámolle a rasgalos, facer tiras cada vez máis finas...
- ✚ Garabatear ou pintar con distintos tipos de pintura de dedos, sempre con vixiancia do adulto.
- ✚ O final desta etapa podemos iniciar a imitación de trazos verticais e horizontais con axuda.
- ✚ Practicamos a pegar e despegar gomets usando o dedo pulgar e índice
- ✚ Xogamos a pintar cada dedo de unha cor, con pintura de dedos.
- ✚ Apoiamos as mans e os pes en superficies de diferentes texturas: cristal, plástico, parede, esponxa, pedra.....¿é duro? ¿é brando? ¿deixa marca? ¿está frío?

## Desenrolo cognitivo

-Exercicios para favorecer a observación-atención:

- ✚ Xogar a buscar un obxecto no seu entorno
- ✚ Observar o que vemos nun conto e ir nomeando imaxes, acción, responder a preguntas sobre o conto, etc.
- ✚ escoitar atentamente un conto pequeno

-Exercicios para favorecer a memoria

- ✚ Esconder un xoguete ou carta de dous ou tres que estaba vendo e que diga cal falta
- ✚ Repetir pequenas cancións refráns...
- ✚ Xogar a recordar os nomes dos seus compañeiros e familiares...

-O xogo simbólico

- ✚ Os xogos de "como sí" :vamos a facer como si foramos un elefante...
- ✚ Un cepillo pode usarse como sí fose un micrófono
- ✚ Xogos de imitación das acción propias do adulto: o neno fai de mama e dálle de comer o bebé..

-Exercicios de lóxica

- ✚ Agrupar obxectos por categorías: os que teñen rodas, os que son animais, os que son pezas...
- ✚ Agrupar ou ordenar elementos por algunha característica: todos os verdes...todos os grandes
- ✚ Xogar coas cantidades: moito-pouco, cheo-vacío, todo-nada
- ✚ Facer series de elementos: avión-barco, avión.barco...
- ✚ Emparellar imaxes que sexan iguais
- ✚ Puzzles de tres a seis elementos

-Os conceptos básicos

- ✚ Xogos que inclúan os conceptos básicos como son : arriba-abaixo, dentro-fora, encima-debaixo,diante-detrás, cerca-lonxe,grande-pequeno, igual-diferente, de día-de noite.
- ✚ As cores: introducimos os nomes das cores no noso vocabulario, a cor da roupa que levamos, de que cor son as froitas, os xoguetes...é mais fácil comezar por dúas cores que sexan moi diferentes entre sí e a partires de aí ir introducindo máis pouco a pouco.
- ✚ As formas básicas: o mesmo coas formas xeométricas : círculo, cadrado, triángulo.

## Desenrolo comunicativo

-Para favorecer a linguaxe

- ✚ Describir verbalmente as cousas que facemos e as que fai a nena ou o neno.
- ✚ Pedir que nomee algunhas cousas e non use unicamente o xesto.
- ✚ Aproveitar as palabras que o neno xa usa para incorporalas na conversa.
- ✚ Xogar a construír pequenas frases referidas a persoas e obxectos do entorno familiar.
- ✚ Contar contos infantís e preguntar sobre os personaxes, os lugares, as acción...
- ✚ Dirixirnos o neno con unha linguaxe accesible, con frases sinxelas que aumenten pouco a pouco a súa complexidade, pero utilizando sempre unha linguaxe correcta , non infantilizada.
- ✚ Favorecer as situación de xogo nas que o neno teña que tomar a iniciativa, manter quendas comunicativas, etc
- ✚ Aprender pequenas cancións infantís.
- ✚ Describir o que vemos, dun xeito cada vez máis completo
- ✚ Introducir xogos cos sons, diferenciar sons/silencio ( como no xogo da silla) diferenciar uns sons de outros ( cada vez que escoitemos a damos un salto, pero so con ese son ...)

## Desenrolo persoal e social

-Favorecer as relacións sociais.

- ✚ Favorecer o saúdo e a despedida utilizando o xesto e a palabra.
- ✚ Fomentar o xogo con outros nenos, favorecendo o compartir e o inicio da cooperación
- ✚ O final deste período , o neno pode aprender normas de conduta axeitadas que van a favorecer as súas relación sociais: esperar o seu turno, tanto para xogar como para falar; respetar os outros nenos, respetar os seus xoguetes, etc
- ✚ Permitir que resolva pequenos conflitos con iguais
- ✚ Favorecer a execución de pequenos recados
- ✚ Darlle tempos para falar, que o faga sen presas, debe ver que non perde a nosa atención inda que non o faga de todo correcto

-Favorecer hábitos de autonomía persoal

- ✚ Xa pode colaborar no vestido , poñendo ou quitando os calcetíns, cerrando broches, subindo os pantalóns, etc.
- ✚ Xogamos a vestir e a desvestir bonecos.
- ✚ Podemos comer solos, usando a culler; bebendo so de un vaso; usando a servilleta, etc.
- ✚ Limpamos os dentes co cepillo e con auga
- ✚ Lavamos as mans e a cara
- ✚ A partir dos dous anos , as nenas e os nenos comezan a manifestar con xestos ou palabras as súas necesidades fisiolóxicas. Seguramente sexa un bo momento para comezar coa retirada do pañal

